
# CAMIÑO DO MIÑO

Tipo de percorrido: lineal
Lonxitude: 18 km
Duración estimada: 5 horas aprox.
Dificultad: Baixa

Fermosa ruta que discorre polo concello de Outeiro de Rei atravesando todo o municipio dende o límite co concello de Castro de Rei ata o límite co concello de Lugo.
Atopámonos no corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño, área natural protexida de gran interese ambiental, etnolóxico e cultural. Ás beiras do Miño espéranos unha gran riqueza paisaxística, na que destaca a variedade de especies arbóreas autóctonas como carballos, castiñeiros, salgueiros ou bidueiros. Así mesmo, os bosques dan acubillo a abundantes poboacións faunisticas de todo tipo, destacando os pequenos e grandes mamíferos (raposo, corzo, xabaril, marta...), aves (parrulos, garzas, aves rapaces...), réptiles e anfibios(serpe de auga, ra de San Antón, píntega...).
No noso percorrido tamén poderemos observar as «Insuas do Miño», illotes situados no leito do curso fluvial que contan con frondosos bosques e lagoas interiores nas que existe unha importante flora e fauna de ecosistemas acuáticos, con especies protexidas e bioindicadores da calidade das augas, como a lontra, o rato de almizcre ou mexillón de río.
O abundante patrimonio histórico-artístico e etnográfico é outro dos grandes valores da ruta, podendo achegarnos a igrexas como a de Santa María de Meidonín e Santa Mariña, antigos muíños como os de Felpás e o de Santa Isabel, gran cantidade de caneiros(antigas estruturas utilizadas para a pesca da anguía) e mesmo algún batuxo (barcas tradicionais case desaparecidas). Na nosa andaina tamén gozaremos de lugares de esparexemento tan emblemáticos deste concello como son o campo de Santa Isabel, o salto de O Piago, ou a ponte colgante de Parada.


RIBEIRA RÍO MIÑO

Hermosa ruta que discurre por el ayuntamiento de Outeiro de Rei atravesando todo el municipio desde el límite con el ayuntamiento de Castro de Rei hasta el límite con el ayuntamiento de Lugo.
Nos encontramos en el corazón de la Reserva de la Biosfera Terras do Miño, área natural protegida de gran interés medioambiental, etnológico y cultural. A las orillas del Miño nos espera una gran riqueza paisajística, en la que destaca la variedad de especies arbóreas autóctonas como robles, castaños, sauces o abedules. Así mismo, los bosques dan cobijo a abundantes poblaciones faunísticas de todo tipo, destacando los pequeños y grandes mamíferos (zorro, corzo, jabalí, marta...), aves (patos, garzas, aves rapaces...), reptiles y anfibios (culebra de agua, rana de San Antonio, salamandra...).
En nuestro recorrido también podremos observar las «Insuas do Miño», islas situadas en el lecho del curso fluvial que cuentan con frondosos bosques y lagunas interiores en las que existe una importante flora y fauna de ecosistemas acuáticos, con especies protegidas y bioindicadores de la calidad de las aguas, como la nutria, el desmán ibérico o mejillón de río.
El abundante patrimonio histórico-artístico y etnográfico es otro de los grandes valores de la ruta, pudiendo acercarnos a iglesias como las de Sta María de Meidonín y Santa Mariña, antiguos molinos como los de Felpás y el de Santa Isabel, gran cantidad de caneiros (antiguas estructuras utilizadas para la pesca de la anguila) e incluso algún batuxo (barcas tradicionales casi desaparecidas). En nuestra andadura también gozaremos de lugares tan emblemáticos de este ayuntamiento como el campo de Santa Isabel, el salto de el Piago, o el puente colgante.




## INTERESE PAISAXÍSTICOALTO MIÑO

Áreas de especial interese paisaxístico son as elixidas por expertos como representativas das paisaxes por contar cun especial valor natural ou ecolóxico, patrimonial ou cultural, estético ou panorámico.
Nesta zona estamos a falar da área de especial interese paisaxístico ALTO MIÑO, que se caracteriza polos bosques de ribeira que acompañan ó río Miño no seu discorrer pola Terra Chá, en perfecto estado de conservación, xunto coas Ínsuas do Miño, elementos de gran valor paisaxístico deste territorio no que nos atopamos.

Áreas de especial interés paisajístico son las elegidas por expertos como representativas de los paisajes por contar con un especial valor natural o ecológico, patrimonial o cultural, estético o panorámico.
En esta zona estamos hablando de el área de especial interés paisajístico ALTO MIÑO, que se caracteriza por los bosques de ribera que acompañan al río Miño en su discurrir por la Terra Chá, en perfecto estado de conservación, además de las Ínsuas do Miño, elementos de gran valor paisajístico de este territorio en el que nos encontramos.


CANEIRO SOBRE O RÍO MIÑO

## RECURSOS TURÍSTICOS

O longo da ruta atoparemos un variado número de lugares de interese turístico entre os que vamos a destacar, por ser emblemáticos do concello de Outeiro de Rei, o Campo de Santa Isabel, o salto de o Piago e a ponte colgante de Parada.
**O campo de Santa Isabel** é unha agradable zona de lecer totalmente equipada na confluencia dos ríos Miño e Ladra. Á sombra dunha frondosa carballeira atopamos unha capela en honra a Santa que lle da nome o lugar, tamén coñecido polos veciños como As Veigas.


CAMPO DE SANTA ISABEL

A lo largo de la ruta encontraremos un variado número de lugares de interés turístico entre los que vamos a destacar, por ser emblemáticos del municipio de Outeiro de Rei, el Campo de Santa Isabel, el salto de o Piago y el puente colgante de Parada.
**El campo de Santa Isabel** es una agradable zona de recreo totalmente equipada en la confluencia de los ríos Miño y Ladra. A la sombra de un frondoso robledal encontramos una capilla en honor a la Santa que le da nombre al lugar, también conocido por los vecinos como As Veigas.

**O salto do Piago** localízase na paroquia de Robra creando unha orixinal paisaxe que é aproveitado como lugar de baño e descanso.
Atópase nun punto no que o río cambia a súa fisionomía apracible para deixar arrastrar as súas augas por pequenas fervenzas e pendentes.
Na súa contorna podemos atopar unha pequena central hidroeléctrica de máis de 70 anos de existencia que se considera unha das xoias do patrimonio industrial de Lugo e Galicia, todo un exemplo de recuperación e posta en valor do patrimonio.


SALTO DE O PIAGO

**El salto de el Piago** se localiza en la parroquia de Robra creando un original paisaje que es aprovechado como lugar de baño y descanso.
Se encuentra en un punto en el que el río cambia a su fisionomía apacible para dejar arrastrar sus aguas por pequeñas cascadas y pendientes. En su entorno podemos encontrar una pequeña central hidroeléctrica de más de 70 años de existencia que se considera una de las joyas del patrimonio industrial de Lugo y Galicia, todo un ejemplo de recuperación y puesta en valor del patrimonio.

**A ponte colgante de Parada**, é a única maneira pola que podemos acceder a insua de Seivane.
Esta ponte reflíctese nas augas que discorren con forza baixo as súas travesas de madeira.
A insua de Seivane non nos vai a deixar indiferentes pola exuberancia da súa vexetación autóctona de ribeira (carballos, bidueiros, acivros, freixos, ameneiros...). Neste punto conectamos coa ruta Arqueolóxica de O Acevedo e coa ruta de a Ínsua de Seivane.


PONTE COLGANTE DE PARADA

**El puente colgante de Parada**, es la única manera por la que podemos acceder a la isla de Seivane.
Este puente se refleja en las aguas que discurren con fuerza bajo sus traviesas de madera.
La isla de Seivane no nos va a dejar indiferentes por la exuberancia de su vegetación autóctona de ribera (robles, abedules, acebos, fresnos, alisos...). En este punto conectamos con la ruta Arqueológica de O Acevedo y la ruta de la Ínsua de Seivane.


CAMIÑO DO MIÑO

UN PERCORRIDO POLOS
ESPAZOS NATURAIS
DE OUTEIRO DE REI